



**0 SOBREIRAL DAS PALABRAS**

**PLAN DE BIBLIOTECA  
CURSO 2023/24**

**Biblioteca IES Valadares**

<b>1. Introducción</b>	<b>1</b>
<b>2. Obxectivos</b>	<b>1</b>
1.1. En relación coa xestión, a organización e o funcionamento	1
1.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos:	1
1.3. En relación coa formación do usuario, a adquisición da competencia informacional e co fomento da lectura e a promoción do Proxecto Lector:	2
1.4. En relación co fomento da lectura e o desenvolvemento do Proxecto Lector (lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e comunicación da información)	2
1.5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva	2
1.6. En relación coa avaliación	2
<b>3. Organización de espazos e tempos para a lectura</b>	<b>2</b>
<b>4. Liñas prioritarias de actuación</b>	<b>4</b>
<b>5. Actuacións</b>	<b>7</b>
<b>6. Recursos humanos e horario previsto</b>	<b>12</b>
<b>7. Ler en familia</b>	<b>13</b>
<b>8. Difusión</b>	<b>13</b>
<b>9. Avaliación</b>	<b>14</b>
2.1. Criterios de avaliación	14
2.2. Instrumentos de avaliación	14
2.3. Procedementos de avaliación	14

## 1. Introducción

Este Plan Anual de Lectura está elaborado seguindo as *Instrucións de cometo de curso da Dirección Xeral de Centros e Recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2023/2024, nos centros docentes de niveis non universitarios, e titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.*

## 2. Obxectivos

1.1. En relación coa xestión, a organización e o funcionamento

- *Organizar a posta en marcha da biblioteca escolar.*
- *Xestionar os fondos e realizar o seu tratamento técnico.*
- *Colaborar e apoiar outros programas do centro e de fóra.*
- *Promover a implicación de alumnado e familias.*
- *Visibilizar o Proxecto da biblioteca.*
- *Renovar a comisión de biblioteca no seo do consello escolar.*

1.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos:

- *Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.*

1.3. En relación coa formación do usuario, a adquisición da competencia informacional e co fomento da lectura e a promoción do Proxecto Lector:

- *Formar ás persoas usuarias na utilización da biblioteca e na educación documental.*
- *Dar a coñecer o material elaborado para traballar ALFIN/AMI e desenvolver programas para a adquisición de competencias informacionais e mediáticas.*
- *Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental.*
- *Contribuír ao desenvolvemento dos obxectivos ODS.*

1.4. En relación co fomento da lectura e o desenvolvemento do Proxecto Lector (lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e comunicación da información)

- *Favorecer o fomento da lectura e da escritura.*
- *Deseñar e desenvolver tarefas que fomenten a lectura, a escritura e as habilidades no uso, tratamento e produción de información.*

- *Deseñar e desenvolver propostas que fomenten a aprendizaxe autónoma e a solidariedade nos recreos.*
- *Fomentar a oralidade, o diálogo, o encontro e o intercambio de experiencias.*

#### 1.5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva

- *Afianzar o enfoque inclusivo da biblioteca escolar, atendendo aos fondos, aos espazos e ás persoas usuarias.*

#### 1.6. En relación coa avaliación

- *Avaliar o funcionamento da biblioteca para deseñar propostas de mellora.*

### 3. Organización de espazos e tempos para a lectura

A biblioteca escolar é un centro de lectura, información e aprendizaxe (LÍA). Está organizada en diferentes espazos para dar resposta ás diferentes dinámicas e actividades que se levan a cabo.

#### Organización de espazos

ESPAZOS	PARA	MOBILIARIO E RECURSOS
<i>XESTIÓN</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de xestión e organización da biblioteca.</li> <li>- Espazo para o profesorado e alumando axudante.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mesa de xestión.</li> <li>- Mesa de reunións.</li> </ul>
<i>INVESTIGACIÓN</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo individual ou en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mesas que se poden colocar de diferente forma atendendo ao traballo individual, colaborativo ou cooperativo.</li> <li>- Libros informativos relacionados con diferentes ramas do saber (dende o número 0 da CDU ata o 9, excepto os libros de ficción).</li> </ul>
<i>ACOUGO</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O obxectivo é a desconexión.</li> <li>- Dous son os elementos claves deste recuncho: a música e a lectura, eixes sobre os que xiran diferentes actividades e propostas que se levan a cabo.</li> <li>- Na biblioteca hai outros dous puntos de desconexión con luz natural e con mobiliario que favorece a lectura individual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Asentos que permiten sentarse individualmente ou en grupo.</li> <li>- O piano está a disposición do profesorado e alumnado que saiba tocalo.</li> <li>- As luces son intelixentes, o interruptor está na entrada na biblioteca.</li> <li>- Libros de ficción.</li> </ul>

<i>FALADOIRO</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para falar e escoitar, para compartir coñecemento.</li> <li>- Dentro deste espazo está a radio escolar Onda Valadares que dá voz a diferentes propostas realizadas no centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Material audiovisual: cámara de vídeo, dous iPads, telepronter, videoxogos, pantalla táctil, micrófonos, croma, escenario...</li> <li>- Estudo de radio.</li> </ul>
<i>CREATIVO</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para desenvolver proxectos creativos colaborativos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Máquina de chapas.</li> <li>- Material de papelería: lettering, rotuladores tea...</li> <li>- Material de costura.</li> </ul>
<i>LECER</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para xogar individualmete ou en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xogos clasificados por temáticas: individuais, colaborativos, de números, de letras, de historias, de ciencias, xadrez...</li> <li>- Mesas e tallos na entrada da biblioteca.</li> <li>- Gradas cos xogos na biblioteca.</li> </ul>

#### Organización de tempos

CANDO?	COMO?
<i>RECREOS</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O equipo de apoio será o encargado de abrir a biblioteca e de xestionar o seu funcionamento: préstamos, devolucións, actividades, voluntariado...</li> </ul>
<i>HORAS LECTIVAS</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O profesorado que queira dispoñer dos recursos para traballar a súa materia deberá presentar unha proposta curricular que recolla que recursos da biblioteca se precisan.</li> <li>- Haberá un libro de reservas virtuais ao que se poderá acceder dende o blog.</li> </ul>
<i>HORAS NON LECTIVAS</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A biblioteca está aberta para a realización de actividades de formación do centro ou visitas externas.</li> <li>- Haberá un libro de reservas virtuais ao que se poderá acceder dende o blog da biblioteca.</li> </ul>

## 4. Liñas prioritarias de actuación

## Organización e xestión: a biblioteca, “laboratorio creativo de aprendizaxes”

Obxectivos	Liñas de actuación
<i>Organizar a posta en marcha da biblioteca escolar.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Difusión do espazo web “<i>A biblioteca por dentro</i>”, páxina que recolle información relativa ao funcionamento da biblioteca entre a comunidade educativa.</li><li>- Xestión do calendario virtual para o uso da biblioteca como centro creativo de construción do coñecemento. Fomento do uso da biblioteca como apoio ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza.</li></ul>
<i>Xestionar os fondos e realizar o seu tratamento técnico.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Realización dos préstamos e as devolucións individuais e por grupos ou aulas.</li><li>- Selección e compra dos novos fondos para mellorar a colección e para apoiar os contidos curriculares.</li></ul>
<i>Colaborar e apoiar outros programas do centro e de fóra.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Coordinación cos diferentes departamentos, equipos e programas do centro, así como coas bibliotecas da zona.</li></ul>
<i>Promover a implicación de alumnado.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Actualización do grupo de alumnado voluntariado e planificación do seu traballo.</li></ul>
<i>Promover a implicación das familias.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Deseño de actividades para as familias.</li><li>- Implicación das familias en propostas de traballo da biblioteca.</li></ul>
<i>Visibilizar o Proxecto da biblioteca.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Difusión do proxecto de traballo da biblioteca.</li></ul>
<i>Renovar a comisión de biblioteca no seo do consello escolar.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Análise das necesidades da biblioteca escolar.</li><li>- Realización de propostas de mellora e de coordinación coss sectores culturais, educativos e económicos do contorno do centro educativo que poidan cooperar ca biblioteca escolar.</li></ul>

## Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca

Obxectivos	Liñas de actuación
<i>Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Difusión, presencial e virtual, das novidades.</li><li>- Realización de campañas de dinamización.</li><li>- Apoio a proxectos e programas nos que se integre a investigación e a lectura e nos que teñan un peso importante os recursos da biblioteca.</li></ul>

## Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional

Obxectivos	Liñas de actuación
<i>Formar as persoas usuarias na utilización da biblioteca e na educación documental.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Formación de persoas usuarias na biblioteca física e virtual en 1º ESO.</li><li>- Ampliación da formación de persoas usuarias a outros cursos.</li><li>- Recompilación de informacións, materiais e recursos para o profesorado.</li><li>- Deseño e difusión de titoriais para aprender a utilizar o equipamento da biblioteca.</li></ul>
<i>Dar a coñecer o material elaborado para traballar ALFIN/AMI e desenvolver programas para a adquisición de competencias informacionais e mediáticas.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Contribución á alfabetización múltiple promovendo o traballo coa información desde as diferentes materias.</li><li>- Ampliación e difusión do material recompilado no espazo web "<b>Traballando coa información</b>".</li></ul>
<i>Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Selección e elaboración de materiais para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.</li></ul>
<i>Contribuír ao desenvolvemento dos obxectivos ODS.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Promoción da alfabetización universal (ALFIN/AMI). Fomento da inclusión dixital a través do acceso ás TIC e ao acompañamento para desenvolver a competencia dixital: <b>Traballando coa información</b>.</li><li>- Acceso á cultura e ao patrimonio: <b>mellora da colección</b> e recompilación de recursos propios (<b>Recursos dixitais propios</b>).</li></ul>

## Fomento da lectura e o desenvolvemento do Proxecto Lector (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información)

Obxectivos	Liñas de actuación
<i>Favorecer o fomento da lectura e da escritura.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Revisión e dinamización da Hora de ler.</li><li>- Dinamización de diferentes clubs de lectura e do club de escoita.</li><li>- Deseño de obradoiros de escritura.</li></ul>
<i>Deseñar e desenvolver tarefas que fomenten a lectura, a escritura e as habilidades no uso, tratamento e produción de información.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Deseño e colaboración cos diferentes proxectos e programas que se leven a cabo no centro.</li><li>- Deseño de actividades de aprendizaxe integradas.</li></ul>
<i>Deseñar e desenvolver propostas que fomenten a aprendizaxe autónoma e a solidariedade nos recreos.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Dinamización dos recreos con obradoiros creativo. Implicación do alumnado e das súas familias no deseño destes talleres.</li><li>- Deseño do programa de <b>“Recreos musicais”</b> nos que colaborará o alumnado de 2º e 3º ESO co equipo de radio e a materia de música. Implicación do alumnado na selección da música que ameniza os recreos.</li></ul>
<i>Fomentar a oralidade, o diálogo, o encontro e o intercambio de experiencias.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Deseño dunha <b>“Biblioteca humana”</b>.</li><li>- Detección das problemáticas que resultarían positivas para a comunidade educativa.</li><li>- Planificación, deseño, execución e avaliación do proceso.</li></ul>

## Avances cara a unha biblioteca inclusiva

Obxectivos	Liñas de actuación
<i>Afianzar o enfoque inclusivo da biblioteca escolar, atendendo aos fondos, aos espazos e ás persoas usuarias.</i>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Colaboración co departamento de orientación.</li><li>- Recopilación e difusión de materiais.</li><li>- Adquisición de fondos que dean resposta aos nosos usuarios e usuarias.</li><li>- Apertura do espazo como un punto de encontro presencial ou virtual na biblioteca, convertida en viveiro de cidadanía.</li><li>- Planificación de actividades significativas e adaptadas para todo o alumnado.</li><li>- Deseño de materiais inclusivos propios.</li></ul>



## Avaliación

Obxectivos	Liñas de actuación
<i>Avaliar o funcionamento da biblioteca para deseñar propostas de mellora.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recollida de datos sobre o funcionamento da biblioteca.</li> <li>- Valoración e análise do grupo de axudantes.</li> <li>- Autoavaliación interna do equipo.</li> <li>- Deseño de propostas de mellora partindo das análises realizadas.</li> </ul>

## 5. Actuacións

Planificáronse as actividades atendendo a dous tipos: xestión e dinamización. Detállanse nas seguintes táboas:

Organización e xestión: a biblioteca, «laboratorio creativo de aprendizaxes»

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
<i>Organizar a posta en marcha da biblioteca escolar.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación do traballo do equipo.</li> <li>- Difusión da información relativa ao funcionamento da biblioteca entre a comunidade educativa.</li> <li>- Xestión do calendario para o uso da biblioteca como centro creativo de construción do coñecemento.</li> <li>- Fomento do uso da biblioteca como apoio ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Reunións trimestrais de todo o equipo.</li> <li>● Pequenas reunións cos diferentes grupos de traballo.</li> <li>● Elaboración dun calendario de datas e actividades.</li> <li>● Recompilación de material para entregar ao profesorado.</li> <li>● Recompilación de material para o alumnado: funcionamneto da biblioteca, actividades de dinamización, Hora de Ler...</li> </ul>
<i>Xestionar os fondos e realizar o seu tratamento técnico.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de préstamos e devolucións individuais ou de aulas.</li> <li>- Reorganización dos fondos segundo as necesidades: caixas de préstamo, lotes temáticos...</li> <li>- Selección e compra dos novos fondos.</li> <li>- Rexistro e catalogación dos fondos adquiridos.</li> </ul>

- Actualización dos usuarios e permisos de Koha.
- Sesiões formativas para o profesorado que empregue Koha.
- Realización de préstamos e devolucíons nos recreos.
- Rexistro e catalogación dos novos fondos.
- Selección de libros para as caixas das seccións da biblioteca que hai nas aulas e nas salas de profesorado.
- Revisión dos criterios de adquisición de novos fondos.
- Selección de novos fondos.

*Colaborar e apoiar outros programas do centro e de fóra.*

- Coordinación cos diferentes departamentos, equipos e programas do centro.
- Coordinación coas bibliotecas da zona (centros de ensino e Centro Cultural de Valadares).

- Reunións durante o curso con diferentes departamentos e equipos de traballo do centro.
- Reunións ao principio de curso coas bibliotecas dos centros adscritos da zona e coa escola de infantil para planificar actividades e datas.

*Promover a implicación de familias.*

- Deseño de actividades para as familias.

- Posta en marcha do club de lectura de adultos: selección de lecturas e datas.
- Implicación das familias no deseño de obradoiros na biblioteca.

*Promover a implicación de alumnado.*

- Actualización do grupo de alumnado voluntario.
- Planificación do traballo realizado por este grupo.

- Deseño de carteis e difusión no centro e nas redes do grupo de voluntariado.
- Posta a punto do grupo no mes de outubro.
- Elaboración de contratos e autorizacións.
- Inscripción no programa de voluntariado.
- Planificación de datas e tarefas a relazar por cada integrante.
- Actividade inaugural o 24 de outubro, *Día Internacional das bibliotecas*.

*Visibilizar o proxecto da biblioteca.*

- Difusión do proxecto de traballo da biblioteca.

- Información nos claustros.
- Deseño de infografías ou carteis informativos, difusión na rede e no blog.

*Renovar a comisión de biblioteca no seo do consello escolar.*

- Análise das necesidades da biblioteca escolar.
- Realización de propostas de mellora.
- Realización de xestións cos sectores culturais, educativos e económicos do contorno do centro educativo que poidan cooperar ca biblioteca escolar.

- Renovación da comisión.
- Reunións informativas para analizar as necesidades e propoñer propostas de mellora.

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
<i>Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Difusión das novidades tanto de forma presencial coma virtual (redes e listas en Koha).</li> <li>- Realización de campañas de dinamización.</li> <li>- Apoio aos proxectos e programas nos que se integre a investigación e a lectura e nos que teñan un peso importante os recursos da biblioteca.</li> </ul>

- Colocación das novidades en lugares visibles da biblioteca.
- Creación de listas en Koha para dar visibilizar os fondos.
- Realización de campañas de fomento da lectura en datas sinaladas.
- Exposición de libros e material relacionado con proxectos do centro.
- Difusión nas redes e no blog.

#### Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
<i>Formar as persoas usuarias na utilización da biblioteca e na educación documental.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formación de persoas usuarias na biblioteca física e virtual.</li> <li>- Recopilación de informacións, materiais e recursos para o profesorado.</li> <li>- Deseño de cursos para aprender a utilizar o equipamento da biblioteca.</li> </ul>

- Difusión das guías sobre o funcionamento da biblioteca entre o profesorado e do espazo web “A biblioteca por dentro”.
- Información nos claustros.
- Difusión nas redes e no blog das guías de funcionamento da biblioteca.
- Sesións formativas para profesorado sobre o funcionamento da biblioteca.
- Difusión nas aulas das guías sobre o funcionamento da biblioteca.
- Sesións de formación para todo o alumnado de 1º ESO.
- Deseño de guías sobre o funcionamento dos recursos da biblioteca.
- Actualización do espazo web con información sobre os xogos.
- Xornada de portas abertas para as familias no primeiro trimestre.

<i>Deseñar material para traballar ALFIN/AMI e desenvolver programas para a adquisición de competencias informacionais e mediáticas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contribución á alfabetización múltiple promovendo o traballo coa información desde as diferentes materias.</li> <li>- Realización de material ALFIN/AMI.</li> </ul>
--	--

- Actualización do material para o profesorado para levar a cabo propostas de traballo coa información.
- Actualización do espazo web “Traballando coa información”.

*Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental.  
Contribuír ao desenvolvemento dos obxectivos ODS.*

- Selección e elaboración de materiais para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.  
- Promoción da alfabetización universal (ALFIN/AMI). Fomento da inclusión dixital a través do acceso ás TIC e ao acompañamento para desenvolver a competencia dixital: **Traballando coa información**.  
- Acceso á cultura e ao patrimonio: **mellora da colección** e recompilación de recursos propios (**Recursos dixitais propios**).

- Selección de recursos e materiais relacionados cos proxectos que se están a traballar no centro.

Fomento da lectura e o desenvolvemento do Proxecto Lector (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información)

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
<i>Favorecer o fomento da lectura e da escritura.</i>	- Dinamización da Hora de ler. - Dinamización de diferentes clubs de lectura. - Deseño de obradoiros de escritura.

- Elaboración do horario da Hora de ler.
- Difusión do horario e das normas de funcionamento.
- Dinamización o club de escoita dentro e fóra do centro.
- Dinamización o club de lectura.
- Dinamización o club de lectura de adultos.
- Deseño de obradoiros de escritura creativa nos recreos.
- Fomento da radio escolar para proporcionar oportunidades para o desenvolvemento de competencias clave a través de tarefas nas que se traballen contidos curriculares mediante metodoloxías activas.

*Deseñar e desenvolver tarefas que fomenten a lectura, a escritura e as habilidades no uso, tratamento e produción de información.*

- Deseño e colaboración cos diferentes proxectos e programas que se leven a cabo no centro.  
- Deseño de actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

*Deseñar e desenvolver propostas que fomenten a aprendizaxe autónoma e a solidariedade nos recreos*

- Dinamización dos recreos con obradoiros creativo. Implicación do alumnado e das súas familias no deseño destes talleres.  
- Deseño do programa de **“Recreos musicais”** nos que colaborará o alumnado de 2º e 3º ESO co equipo de radio e a materia de música. Implicación do alumnado na selección da música que ameniza os recreos

*Fomentar a oralidade, o diálogo, o encontro e o intercambio de experiencias.*

- Deseño dunha **“Biblioteca humana”**.  
- Detección das problemáticas que resultarían positivas para a comunidade educativa.  
- Planificación, deseño, execución e avaliación do proceso.

- Colaboración cos diferentes proxectos e programas que se leven a cabo no centro.
- Propostas de traballo tendo en conta a Axenda 20/30.
- Colaboración co departamento de música para organizar recreos musicais nos que colabore o alumnado.

- Colaboración con diferentes departamentos para crear unha biblioteca humana.

#### Avances cara a unha biblioteca inclusiva

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
<i>Afianzar o enfoque inclusivo da biblioteca escolar, atendendo aos fondos, aos espazos e ás persoas usuarias.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboración co departamento de orientación para coñecer as dificultades que ten o alumnado do centro e poder darlle resposta desde a biblioteca escolar.</li> <li>- Recopilación de materiais.</li> <li>- Adquisición de fondos que dean resposta aos nosos usuarios e usuarias.</li> <li>- Apertura do espazo como un punto de encontro presencial ou virtual na biblioteca, convertida en viveiro de cidadanía.</li> <li>- Planificación de actividades significativas e adaptadas para todo o alumnado.</li> </ul>

- Reunións periódicas coa orientadora para coñecer as dificultades que ten o alumnado do centro para poder darlle resposta dende a biblioteca escolar.
- Colaboración co departamento de orientación para a recopilación de material e o deseño de actividades inclusivas.
- Dinamización dos recreo con propostas diferentes: obradoiros creativos, sesións dos clubs de lectura...

#### Criterios e procedementos de avaliación

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
<i>Avaliar o funcionamento da biblioteca para deseñar propostas de mellora.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recollida de datos sobre o funcionamento da biblioteca.</li> <li>- Valoración e análise do grupo de axudantes.</li> <li>- Autoavaliación interna do equipo.</li> <li>- Deseño de propostas de mellora partindo das análises realizadas.</li> </ul>

- Elaboración dunha ficha de análise do traballo realizado durante o curso para valorar os puntos fortes e os débiles así como o deseño de propostas de mellora.

## 6. Recursos humanos e horario previsto

### Recursos humanos

---

#### EQUIPO

---

<i>Asun Carballo Rodríguez</i>	- Departamento de LCL. - Coordinadora da biblioteca.
<i>Andrea de la Torre Rocafort</i>	- Departamento de XH. - Coordinadora do club de lectura.
<i>Alejandra López Pérez</i>	- Departamento de LCL.
<i>Sonia Pereiro Cuenya</i>	- Departamento de Música.
<i>Carmen Somoza López</i>	- Departamento de Matemáticas. - Coordinadora da radio escolar.
<i>Fe Souto Martínez</i>	- Departamento de Matemáticas.
<i>Verónica Taboada Lorenzo</i>	- Departamento de LG. - Coordinadora do equipo de Normalización Lingüística.

### Colaboracións

---

#### EQUIPO

---

<i>Marcos Barreira Baños</i>	- Departamento de Orientación. - Coordinador do Equipo de Igualdade.
<i>Iolanda Rodríguez González</i>	- Departamento de Lingua e Literatura Galega. - Mediadora do club de lectura de adultos.

### Horario previsto

- Coordinadora: 5 horas.
- Equipo de apoio: 6 horas.

## 7. Ler en familia

A biblioteca escolar está aberta a toda a comunidade educativa. Durante todo o curso propóranse diferentes iniciativas para as familias:

- Caderno con información sobre o centro que recolle aspectos relacionados coa biblioteca.
- Folleto informativo.
- Xornada de portas abertas no primeiro trimestre para as familias.
- Club de lectura de adultos.
- Implicación das familias no deseño de obradoiros creativos.
- Ademais poderán solicitar o préstamo de materiais da biblioteca.

## 8. Difusión

É importante que toda esta información chegue ás familias, ao alumnado e a toda a comunidade educativa. Por iso, as actividades realizadas danse a coñecer no centro colgando carteis nas cortizas e informando a través dos titores. O blog e as redes sociais son as xanelas cara ao exterior:

- **O Sobreiral das palabras**, o blog, recolle todas as actividades, as novidades e recursos.
- **Instagram** é a rede social que mellor chega ao alumnado, un bo medio de comunicación para dar a coñecer as novidades e fomentar a lectura e a escritura entre os máis novos. Por iso, propóranse actividades empregando esta rede.
- **Twitter** emprégase para visibilizar o que está a acontecer no Sobreiral.

## 9. Avaliación

### 2.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación están relacionados co grao de consecución dos obxectivos propostos nas liñas prioritarias e no Plan Anual de Lectura:

- Dinamizar a biblioteca escolar física e virtual.
- Contribuír á adquisición das competencias do noso alumnado.
- Avanzar nas habilidades de lectura e escritura do noso alumnado.
- Mellorar a alfabetización informacional (busca e tratamento da información, e comunicación do coñecemento).

- Implicar á comunidade educativa.

## 2.2. Instrumentos de avaliación

Os instrumentos (estadísticas ou cuestionarios) están baseados na reflexión e na valoración do traballo realizado e apóianse nas directrices da Asesoría, así como no documento *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes? Herramienta de autoevaluación* de Inés Minet, Mónica Baró, Teresa Mañá e Inmaculada Velloso.

## 2.3. Procedementos de avaliación

Recollerase a información obtida cos instrumentos sinalados e realizarase unha proposta de mellora que será presentada na memoria e servirá como punto de partida para a elaboración das liñas prioritarias do próximo curso.